

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE XANEIRO 2014.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Leandro Quelle Franco

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D. Alberto Santos Vázquez

Ausentes:

D. José Manuel López Hermida

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezaioito horas e trinta minutos do día vintasete de xaneiro de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE A PROBLEMÁTICA DO COLECTIVO DE EMIGRANTES RETORNADOS DE A MARIÑA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da Proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde

Presidente do Concello de Xove,

VISTO o escrito remitido telematicamente polo COLECTIVO DE EMIGRANTES RETORNADOS DA MARIÑA para a súa aprobación, se é o caso, se eleva áo pleno Corporativo a seguinte proposta de ACORDO:

1.- Manifestar o apoio deste concello aos veciños e as veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

2.- Instará Xunta de Galiza a:

- Establecer mecanismos para colaborar con este concello na prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisaren.
- Demandar do Goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas:
- A anulación de todos os expedientes sancionadores instruídos pola Axencia Estatal Tributaria e que se lles notificaron nos últimos meses a persoas beneficiarias galegas de pensións no estranxeiro por non tributaren por estas cantidades nos exercicios a partir do ano 2008, tendo en conta o absoluto descoñecemento que tiñan desta obriga tributaria.
- Facilitar a regularización da situación do período 2008/2012 sen fixar para as persoas que se atopen nesta situación nen recargos, nen intereses de demora.
- inicio dunha campaña de información a todas as persoas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, anulando os requirimentos relativos aos exercicios comprendidos entre os anos 2008 e 2012.
- A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse no futuro.

3. Demandar do Goberno do Estado una modificación lexislativa que fixe un mesmo réxime do IRPF con independencia de se estas proceden dun Estado ou de varios Estados.

4.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congreso de Deputados.”

Enterado o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobala proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

2º.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA, EN RÉXIME DE ALUGUER DE 4 PISOS-VIVENDA DE TITULARIDADE MUNICIPAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.-

Por Secretaría dase conta á Corporación da proposta de Alcaldía obrante no expediente que a seguir se transcribe integramente:

“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTO que no prazo sinalado no Anuncio publicado no xornal “ La Voz de Galicia” de data 13 de novembro de 2013 para a presentación de alegacións ou reclamacións contra o acordo da Xunta de Portavoces de data 19 de decembro de 2013 pola que se aprobou a Lista Provisional de adxudicatarios, en réxime de aluguer, de catro vivendas de titularidade municipal ubicada na Rúa Agramonte non se presentou ningunha reclamación ou alegación. tal e como se acredita na certificación emitida polo secretario municipal obrante no expediente.

VISTO o disposto no artigo 9º.3 das Bases Reguladoras de aplicación e unha vez efectuado o correspondente sorteo, para a súa aprobación definitiva se eleva ao pleno Corporativo a seguinte proposta de de adxudicación:

Dna. Susana Esteves García ---- Rúa Agramonte 17 – 1º esquerda.

D. Marcelino Vargas Salazar ---- Rúa Agramonte 19 – 1º dereita.

Dna. Elisa Landesa Pérez ---- Rúa Agramonte 19 – 2º esquerda.

Dna. Rosa María Montero Iglesias ---- Rúa Agramonte 17 – 1º dereita.

Dase conta igualmente do visto e prace emitido pola Xunta de Portavoces na sesión celebrada con esta mesma data.

Enterado o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobala proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezaioito horas e corenta e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo